

## BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADEO

A Banda de Música de Ribadeo, promovida pola asociación "Amadores da Música" (hoxe en convenio permanente co Concello, polo que leva tamén o nome de Municipal), fixo a súa presentación pública en concerto, o 25 de Xaneiro de 1992 perante máis de un milleiro persoas que abarrotaron o Templo Parroquial.

Da man do mestre D. Hernán Naval Parapar (que conseguiu en somentes dous anos de preparación, dar un primeiro concerto con corenta componentes) e ata o seu pasamento, ten tocado nas principais ciudades da Galicia (nos teatros Colón e Rosalía de Castro de A Coruña, na Praza da Quintana de Santiago, no Círculo das Artes de Lugo, na Concatedral de Ferrol, etc.), e no exterior ten tocado en Madrid (La Vaguada, Hotel Foxá e Praza Mayor), Barcelona (Plaza Provençals e Praza Real), Murcia, Oviedo (representando a Galiza no Festival Estatal de Bandas celebrado no Teatro Campoamor), Áranjuez (Auditorio Isabel de Farnesio) e tamén ten actuado en Portugal (Loures, Lisboa e Tomar). Tamen ten actuado en varias ocasións e feito gravacións para RTVG e na TVE.

A BMMR dende o seu nacemento tivo un carácter educativo, tanto para o público como para propria Banda e rompeu cos atavismos das dianas e pasárras como único horizonte das bandas de música populares. Abriu un camiño e un estilo propio que enseguida foi adoptado por outras Bandas.

Te editado 2 CDS o primeiro (realizado parcialmente en directo) partipou o prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz interpretando o "Andante Spianato y Gran Polonesa en Mi bemos mayor" de Chopin, acompañado pola propia Banda. A transcripción da parte orquestal foi feita polo propio director da Municipal Ribadense.

No ano 1991, un segundo CD estaba a punto de ser editado cando se produxo o pasamento de Hernán Naval. Rematou uns meses despois Marcel van Bree.

A Banda pasou a ser dirixida puntualmente Marcel van Bree e por Mariano Rivas (xoven e prestixioso director asturiano). Perante os dous anos seguintes, tomaron a batuta José Luis Alvarez Braña como director, e Bernardo Méndez como coordinador e director en funcións.

Dende outubro de 2004 esta a ser dirixida por Lourenço Filipe da Silva Cruz, co que se retomaron as colaboracións con outras agrupacións como a Big Band, grupos de percusión, e moi especialmente ca Coral polifónica de Ribadeo.

Recentemente ven de participar no primeiro Certamen Nacional Vila de La Sénia, no que obtivo um terceiro posto e os eloxios dos membros do xurado.

## LOURENÇO DA SILVA CRUZ

No ano 1977, no seo dunha familia de músicos, nace en Francia Lourenço Filipe dá Silva Cruz, xoven director que até o ano 1994, non ten o seu primeiro contacto coa trompeta.

Obtivo o título Superior de Trompeta e Música de Câmara nos Centros: "Escola profisional de Música de Viana dó Castelo" nos "Conservatorios de Música de Vigo e Madrid" e no "Conservatorio Rexional de Nantes".

Traballou con profesores da talla de Jorg Almela, Carlos Beneto, Luís González, José Ortí Fred Mills, Javier Simo, Marc Ulrich, Jean Marc Metz, Andre Henry, Paroles Butter, Kevin Valdron.... e participou en numerosos seminarios e cursíños de Harmonía, de Acústica, de Pedagogía Musical, de Anatomía e Fisioloxía da respiración, de Música de cámara do século XX, de Dirección de Orquestra, Banda e Coro, etc. etc.

Entre outras colaboracións, actuou como convidado en numerosas ocasións e con distintas orquestras como a Orquestra Sinfónica de Viana dó Castelo, a Orchestre de Harmonie Ville Sant Luce Nantes, a Orquestra Académica de Oporto, Orquestra de sopros de Guimaraes, a Orquestra Filarmónica de Vila Real, a Real Filharmonía de Galicia (na que gañou por concurso a bolsa para a Escola de Altos estudos de Galicia), a Orquestra Nacional dos Templarios de Tomar (na que obtivo praza de solista por concurso público) e outras moitas.

Estivo como Director Artístico da Banda Xuvenil e Cultural de Teo e da Banda de Música de Chapela, coa que conseguiu vários premios en concursos de carácter nacional.

Na actualidade estuda dirección de Orquestra e Banda en Francia co mestre Julien Mascuty. É fundador e Director Artístico do Proxecto de Banda Sinfónica Minho-Galaica coa que ten ofrecido varios concertos en distintas cidades de España e Portugal e é asimismo Director da Escola de Música de Ribadeo e Director da Banda de Música Municipal de Ribadeo.

## PROGRAMA

Agüero .....	José Franco
Tintín (Prisoners in the Sun) .....	Dirk Brossé
El Camino Real .....	Alfred Reed

# XIII Festival de Bandas de Música

28 de xullo • 20:30 h. • Praza da Música

## Participarán:

- Banda de Música de Salcedo (Pontevedra)
- A.C. Banda de Música de Vilalba (Lugo)
- Banda Municipal de Ribadeo

2007

#### **ASOCIACION CULTURAL BANDA DE MUSICA DE VILALBA**

Despós da desaparición das últimas bandas existentes en Vilalba aló polos anos da guerra civil. Pásase nesta vila de grande tradición musical por unha época de seca ata que no ano 1987 o Concello, encabezado polo que daquela era o alcalde da vila Don Xosé María García Leira, decide crear unha escola de música da que máis tarde xurdirá a nova Banda de Música de Vilalba.

Tras varios anos de clases de linguaaxe musical e de que o Concello mercase os instrumentos, ten lugar na Semana Santa de 1990 a primeira actuación desta banda, e o 14 de abril de 1991 a súa presentación oficial, constituíndose xa como Asociación Cultural.

Nestes xa 16 anos de existencia, foron varios os directores que estiveron a cargo da mesma. O primeiro deles foi Don Xose Guntín Currás, persoa moi vinculada, as actividades musicais da Terra Cha. En 1993, colle a batuta Don Xosé Rodríguez Ramos, por aquél entón trompetista na Banda Municipal de A Coruña e mestre no Conservatorio Municipal de Vilalba. Actualmente e desde o ano 1995 dirixe esta banda Don César Concheiro Guerrico, mestre de flauta no Conservatorio de Ferrol.

A andaina desta Asociación pasa por actuacións en toda a xeografía galega, Asturias, León e Portugal ben seña mediante intercambios con outras bandas, contratacións por distintos concellos e circuitos culturais patrocinados por Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Federación Galega de Bandas de Música Populares e Concello de Vilalba. Caben destacar actuacións na Televisión de Galicia, Radio Galega e Televisión Española en Galicia así como dúas grabacións editadas, unha no ano 1995 e a última no ano 2001 co gallo do X Aniversario desta Asociación.

A finalidade principal desta Asociación pasa pola difusión e promoción da música, neste caso da música de bandas tan tradicional no noso país, para o que contamos coa axuda do Concello de Vilalba e do Conservatorio Municipal.

#### **CESAR CONCHEIRO GUERRICO**

Naceu en Vigo en 1969. Inicia os seus estudos musicais no Conservatorio de Música de León á idade de 7 anos, onde se inclina pola especialidade de flauta traversa.

En 1988 trasládase á cidade de A Coruña, ingresando no Conservatorio Superior de dita cidade. En este conservatorio obtén a titulación superior de Mestre de Flauta.

En 1990 entra a formar parte da Orquestra de Cámara Municipal de A Coruña e gaña por oposición unha praza de flauta na Banda Municipal da citada cidade.

O perfeccionamento dos seus estudos inclúe cursos con profesores de prestixio internacional (Trevor Wye, Vicenç Prats, Pierre Dumail, Aurele Nicolet, Peter Lukas Graf, Benoit Fromanger), así como a súa asistencia á Escola de Música de Barcelona", onde estudiou con Magdalena Martínez, e á "Escola de Práctica Orquestral" da Orquestra Sinfónica de Galicia coa solista Claudia Walter.

Posteriormente é bolseiro polo "Instituto de Artes Escénicas e Musicais de Galicia", onde terá a oportunidade de completar estudos co flautista solista da "Real Filarmónica de Galicia", Laurente Blaiteau.

Colaborou en numerosas ocasións coa Orquestra Sinfónica de Galicia e na actualidade faiño asiduamente coa Real Filarmónica de Galicia, tendo a oportunidade de tocar baixo batutas tan prestixiosas como as de Helmut Rilling ou Sir Nevile Marriner.

A súa labouro camerística a desenvolve fundamentalmente co quinteto de vento "Coruña Quintet", formación da que é fundador e coa que nos últimos anos ven levando a cabo un traballo ininterrompido, compaxinando o estreo de obras para esta formación coa difusión do repertorio mais habitual para quinteto.

Dende 1995 dirixe a Banda de Música de Vilalba i en 1999 pasa a formar parte do corpo de mestres de ensinanzas artísticas e musicais da Xunta de Galicia, sendo na actualidade profesor no Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

#### **PROGRAMA**

Festa n'aldea (Pasodoble Gallego).....Ricardo Dorado.

Pirates of the Caribbean (Symphonic Suites)....Klaus Badelt, Arr. John Wasson.

A Xota de Nicolás (Xota Galega).....José Luis Represas Carrera

#### **BANDA DE MUSICA DE SALCEDO**

A Banda de Música de Salcedo (BMS) nace no ano 1988 por iniciativa da Asociación Músico-Cultural "San Martiño" baixo o asesoramento musical e dirección artística do mestre D. Vicente Paniagua Conejero. Paralelamente creouse a Escola de Música que se centraría na preparación musical dos rapaces ata que en maio de 1992, agora baixo a dirección de D. José A. Rey Alonso, a BMS fai a súa presentación oficial nas festas parroquiais en honor a Santa Rita.

A comezos do ano 1997 a dirección pasa a cargo do mestre D. José Manuel Collazo Verde que estará ó frente da agrupación durante cinco anos, período no cal a Banda colleita grandes éxitos musicais e gaña un posto destacado dentro da realidade bandística galega. Dende o ano 2002 ata finais do 2006, a BMS foi dirixida polo mestre D. Luis A. González Amosa, que consolida a traxectoria da agrupación. Dende novembro de 2006, a BMS está dirixida polo mestre D. Fernando Raña Barreiro.

Alén das nosas fronteiras destaca as actuacións ofrecidas nos municipios portugueses de Barcelos, Trofa e Tomar nos anos 1999, 2000 e 2002; esta última enmarcada na celebración do V Festival Internacional de Música dos Templarios. Cabe sinalar tamén a participación nos festexos do Día da Comunidade Galega en Alcobendas así como a actuación no Auditorio da Cidade de Parla, en Madrid, no ano 2000. Destacar a súa actuación no Festival de Bandas de Música "Villa de Luarca" en Asturias, en agosto de 2006.

Cabe destacar a súa participación como Banda invitada no V Certamen Provincial de Bandas de Música "Deputación de Pontevedra", en 2005.

No tocante ós premios e galardóns acadados pola BMS nestes últimos anos, destacan:

2º Premio, sección 2ª I Certame Provincial de Bandas de Música "Deputación de Pontevedra", (2001)

2º Premio "ex aequo", sección 2ª, II Certame Provincial de Bandas de Música "Id. Id. (2002)

Medalla de Ouro "Amigos de Pontevedra", (2002)

2º Premio "ex aequo", sección 3ª, CXVII Certame Internacional de B. de M. "Ciutat de València", (2003)

Premio "Ciudad de Pontevedra" 2003 na modalidade de persoa xurídica.

1º Premio e Mención de Honra, sección 1ª, IV Certame Provincial de B. de M. "Deputación de Pontevedra", (2004)

3º Premio absoluto, LVII Certame Nacional de Bandas de Música "Ciutat de Cullera", (2005)

1º Premio sección 2ª, CXIX Certame Internacional de B. de M. "Ciutat de València", (2005)

Hoxe en día, a Escola de Música da Asociación posúe máis de 100 alumnos e recentemente creouse a Banda de Música Xuvenil como paso previo dos alumnos antes de recalcar na primeira agrupación.

#### **FERNANDO RAÑA BARREIRO**

Nace en Ponteampaio (Pontevedra) en 1970. A moi corta idade comeza a ter contacto coa música e pronto centra o seu interese na flauta traversa, motivo polo cal se traslada a Madrid donde remata os seus estudos no Conservatorio de dita cidade coas máximas calificacións (1988).

Posteriormente estuda con Magdalena Martínez, profesora coa que conseguirá o Performers Diplomation da Guilhald School. En 1993 é becado polo Festival Internacional de Música e Danza Manuel de Falla de Granada e en 1997 obtén unha mención honorífica no "Torneo Internacional de Música" (Zaragoza). Un ano máis tarde accede a semifinal do Concurso Internacional "María Canals". Como complemento a súa formación tamén recibe clases dos profesores Alain Marion, Nicolas Brochot y Kate Hill (invitado pola JONDE).

Colaborou con orquestas como a Orquesta Clásica de Vigo, Xoven Orquestra de Galicia, 1ª Orquestra de Altos Estudios Musicais del IGAEM (profesor de vento-madeira), Orquestra Sinfonietta, Orquestra Lírica Nacional, Orquestra Internacional do Festival de Murcia, Orquestra de Cámara do Festival Mozart, Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias, Orquestra Sinfónica de Galicia, etc...

En 1992 aproba as oposiciones o corpo de profesores de conservatorio do MEC, e tras ter realizado o seu traballo pedagóxico en Xixón e A Coruña, actualmente é profesor do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Compaxinando dita actividade coa interpretación, centrarse principalmente nos concertos que realiza co guitarrista Román González (Dúo Raña-González), formación coa que grabou dous CD's de música orixinal para flauta e guitarra escrita no Seculo XX. En 2008 editarán a integral pra flauta e continuo de J. S. Bach con motivo do 20 aniversario do Dúo "Raña-González". Actualmente estuda dirección con Marcel van Bree e recentemente foi nomeado director da Banda de Música de Salcedo (Pontevedra).

#### **PROGRAMA**

Musica y Poble.....Ferrer Ferran

Metaforas.....Miguel Brotons

Tango para un torreador.....Hernan Chrt Snijders